

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE BRIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL PARA A AMPLIACIÓN DA SEDE DO GES

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, D. Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello de Brión, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

EXPOÑEN

O Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, establece que esta vicepresidencia primeira e consellería a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndelle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podendo-se estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (*DOG* nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (*DOG* nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia dispoñen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou pri-



vadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a seguridade en lugares públicos, a protección civil e extinción de incendios polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de emerxencias.

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é conveniente contar con medios propios, e con medios alleos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Brión, sede do GES da Zona Santiago-A Barcala, en materia de emerxencias, entendendo esta como a actividade destinada a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do interese na prevención e socorro así como na practica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O GES da Zona Santiago – A Barcala, con sede de Brión, é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles de carácter especializado e mais próximo ao lugar onde se actualizan as emerxencias.

O Concello de Brión pretende ampliar a sede do Servizo de Emerxencias Supramunicipal da Zona Santiago-A Barcala co fin de mellorar o servizo que se ofrece ós concellos de Ames, Brión e Negreira, para o que precisa medios económicos e, dado que estas funcións son exercidas pola citado concello non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Por todo isto ámbalas dúas partes,



ACORDAN

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración, en materia de emerxencias, entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Brión, co fin de colaborar economicamente na ampliación da sede do GES da Zona Santiago – A Barcala .

Segunda. Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Turismo

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo colaborará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio, achegando a cantidade de **cincuenta mil euros (50.000 €)** que se sufragarán con cargo á aplicación orzamentaria 2021.05.25.212A.760.0. código de proxecto 2013 00763 dos orzamentos do ano 2021.

Terceira. Obrigas do concello

O Concello de Brión colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de emerxencias, na prevención de riscos, autoprotección e na xestión de emerxencias de ámbito local ou comarcal, dentro das súas posibilidades técnicas e de persoal, cando así fora requirido polas autoridades de emerxencias, así como na organización e realización de operativos, exercicios, simulacros e divulgación e no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de emerxencias.

O Concello de Brión comprométese ó cumprimento de todas as condicións e obrigas e ás actuacións de supervisión e control previstas no presente convenio, así como ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións, en concreto e de conformidade co artigo 29.4-a, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá destinar o inmovible obxecto a os fins polo que se lle concede a axuda, por un prazo non inferior aos cinco anos.

Cuarta. Libramento dos fondos

O libramento dos fondos ao Concello de Brión, por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo efectuarase nun único pago ao final das actividades do convenio, previa remisión por parte da entidade asinate á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Conta Xustificativa da subvención. No caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterá:



a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- 1.º O cumprimento da finalidade da subvención.
- 2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Declaración de cumprir cos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas Administracións Públicas.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte da Concello de Brión, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 15 de decembro de 2021.

Quinta. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración Pública Galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presu-



postos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Sexta. Facultades de inspección

O Concello de Brión comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedinte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións. En especial, deberán facilitar a información que lle sexa requirida por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Compatibilidade

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava. Reintegro dos fondos

O Concello de Brión comprométese a comunicarlle ao órgano concedinte a modificación das circunstancias que desen lugar á concesión da subvención, en canto se coñeza, ou ben, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos.



No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, o Concello de Brión comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal.

Novena. Comisión de seguimento

Crease unha Comisión Mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

- A persoa titular dunha subdirección xeral e un técnico/a dependente da mesma

Polo Concello de Brión:

- O alcalde e o/a secretario/a

Décima. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola no presentación da documentación a que se refire a cláusula cuarta deste convenio.

Décima primeira. Lexislación aplicable

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto na Lei 5/97 de réxime local de Galicia, no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se



aproba o Regulamento que a desenvolve, o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décima segunda. Vixencia

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, se ben se considera a súa eficacia, respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio, dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio.

Pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de
Presidencia, Xustiza e Turismo

O vicepresidente Primeiro e conselleiro

Alfonso Rueda Valenzuela

Polo Concello de Brión

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

